

## **PRIMEIRO ESO:**

### **TEMA 1. O PLANETA TERRA**

- Coñecer a forma e as dimensións da Terra.
- Identificar os corpos celestes que forman o Sistema Solar
- Coñecer o movemento de rotación da Terra e a relación que ten coa sucesión dos días e as noites.
- Coñecer o movemento de translación da Terra e establecer a relación entre este movemento e as estacións do ano.
- Identificar as liñas imaxinarias da Terra e recoñecer a súa utilidade.
- Coñecer os principais sistemas de proxección cartográfica.
- Calcular a distancia real entre dous puntos a partir das escalas gráfica e numérica dun mapa.
- Coñecer os diferentes tipos de mapas que existen e a información que se representa neles.
- Localizar lugares e territorios empregando a latitude e a lonxitude.

### **TEMA 2. O RELEVO DA TERRA**

- Identificar as capas da estrutura interna da Terra e explicar as características da codia terrestre.
- Recoñecer os axentes internos de formación do relevo e como se mide a magnitude dos terremotos.
- Caracterizar a acción formadora do relevo realizada pola auga, o vento, a vexetación e o ser humano.
- Identificar os principais elementos do relevo dos continentes.
- Situar os tres grandes conxuntos do relevo de Europa.
- Describir e localizar os relevos da península Ibérica e dos arquipélagos españois.

### **TEMA 3. A HIDROSFERA: AUGA DOCE E AUGA SALGADA**

- Definir correctamente o concepto de hidrosfera e caracterizar a auga como fonte de recursos.
- Explicar o funcionamento do ciclo natural da auga.
- Diferenciar e caracterizar os movementos máis importantes da auga: as correntes mariñas, as mareas e as ondas.
- Recoñecer os diferentes xeitos que ten o ser humano de aproveitar a riqueza dos océanos e os mares.
- Describir as características dos ríos, lagos, augas subterráneas, icebergs e glaciares como principais corpos de auga continental.
- Identificar os diferentes aproveitamentos que o ser humano realiza coa auga doce.
- Situar nun planisferio os océanos e os mares máis importantes.
- Situar e clasificar por vertentes os ríos de Europa e da península Ibérica.
- Opinar se no planeta hai problemas de abastecemento de auga ou desigualdades na distribución dos recursos hídricos.
- Valorar a auga como un ben natural e como un recurso escaso.

### **TEMA 4. O TEMPO ATMOSFÉRICO**

- Identificar as capas da atmosfera
- Recoñecer a importancia da capa de ozono para a vida na Terra.
- Identificar a importancia da radiación solar e os problemas que se poden derivar dunha excesiva exposición ou dunha mala protección dos raios solares.
- Definir o que é a temperatura da atmosfera e que instrumento se emprega para medila.
- Coñecer os factores que interveñen na formación de nubes e as precipitacións.
- Saber como se miden a humidade e as precipitacións.
- Describir e diferenciar os diversos tipos de precipitación.

- Coñecer os factores que condicionan a presión atmosférica e os instrumentos necesarios para medila.
- Recoñecer os diferentes tipos de ventos, a dirección en que sopran e os factores que determinan a intensidade, e os instrumentos utilizados para medilos.
- Diferenciar os anticiclóns das depresións.
- Determinar as causas e as consecuencias das riadas e das inundacións.
- Comentar un mapa do tempo.

#### **TEMA 5. OS CLIMAS DA TERRA**

- Coñecer a distribución mundial das temperaturas e os factores que condicionan esta localización das zonas climáticas do mundo.
- Caracterizar e situar os climas temperados (oceánico, mediterráneo e continental) e os climas extremos (ecuatorial, tropical, desértico, cálido, polar e de alta montaña).
- Recoñecer a diversidade climática de España e caracterizar e localizar os diversos tipos de climas que existen na península Ibérica.
- Construír e interpretar un climograma.

#### **TEMA 6. AS PAISAXES DE CLIMAS TEMPERADOS**

- Localizar os diferentes tipos de paisaxes de Europa e coñecer os factores condicionantes das paisaxes naturais.
- Describir as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxes oceánica e describir a paisaxes oceánica humanizada.
- Caracterizar as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe mediterránea e describir a paisaxe mediterránea humanizada.
- Describir as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe continental.
- Caracterizar a paisaxe continental humanizada.
- Describir as diversas paisaxes naturais e humanizadas de España.
- Interpretar unha paisaxe a través da fotografía e analizar a evolución dunha paisaxe humanizada.

#### **TEMA 7. AS PAISAXES DE CLIMAS EXTREMOS**

- Describir as condicións naturais, os ríos e a vexetación propios da paisaxe ecuatorial.
- Analizar e caracterizar a paisaxe ecuatorial humanizada.
- Describir as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe tropical e explicar os principais trazos da paisaxe tropical humanizada.
- Caracterizar as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe desértica cálida.
- Comprender as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxe de zonas frías e descubrir a paisaxe de zonas frías humanizada.
- Explicar as causas e as consecuencias da deforestación e avaliar as posibles solucións ao problema.
- Elaborar un mural de paisaxes de climas extremos e un vídeo dos parques nacionais de paisaxes de climas extremos.

#### **TEMA 8. OS PROBLEMAS AMBIENTAIS**

- Identificar os riscos naturais e os riscos provocados pola acción humana.
- Valorar a distribución desigual e o consumo de recursos naturais.
- Realizar un comentario de texto sobre os impactos do cambio climático.
- Elaborar un informe que recolla as políticas ambientais que se levan a cabo no propio municipio.
- Recoller información sobre os riscos naturais e os provocados pola actividade humana no propio municipio.

## **TEMA 9. A PREHISTORIA**

- Comprender como evolucionaron os nosos antepasados explicando o proceso de hominización desde os primeiros homínidos ata o ser humano actual.
- Describir os principais acontecementos das primeiras comunidades de cazadores-colleiteiros.
- Explicar como vivían os poboados agrícolas e gandeiros do Neolítico: produción de alimentos, ferramentas, útiles...
- Diferenciar as etapas da Idade dos Metais: Idade do Cobre, Idade do Bronce e Idade do Ferro.
- Distinguir os diferentes tipos de megálitos (menhir, dolmen e crómlech) e explicar como os construían.
- Describir as principais características da arte mobiliar e das pinturas rupestres.
- Coñecer as características e as localizacións dos xacementos prehistóricos máis destacados da península Ibérica.
- Confeccionar eixes cronolóxicos.
- Familiarizarse coas particularidades da Prehistoria no territorio galego e recoñecer os principais xacementos deste período na comunidade

## **TEMA 10. AS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS: MESOPOTAMIA E EXIPTO**

- Explicar por que as primeiras civilizacións xurdiron á beira dos grandes ríos: o Éufrates, o Tigris e o Nilo.
- Recoñecer as primeiras cidades Estado e os primeiros imperios da civilización de Mesopotamia.
- Comprender e describir a vida e a sociedade dun poboado agrícola exipcio.
- Identificar as características básicas da relixión exipcia.
- Recoñecer e describir os templos exipcios.
- Relacionar as tumbas exipcias (mastaba, pirámide e hipoxeo) coa crenza da inmortalidade.
- Situar no espazo e no tempo as civilizacións mesopotámica e exipcia.

## **TEMA 11. GRECIA, DE POLIS A IMPERIO**

- Recoñecer os elementos que unían aos gregos da Helade.
- Describir os principais trazos da organización social e política de Esparta e de Atenas.
- Emitir xuízos sobre a calidade democrática da democracia ateniense.
- Localizar os fluxos migratorios e as colonias gregas da Mediterránea.
- Caracterizar as principais celebracións sociais gregas.
- Explicar o dominio da Helade desde a hexemonía de Atenas ata a conquista por parte da Macedonia de Filipo IV e Alexandre Magno.
- Describir o Imperio de Alexandre Magno.
- Analizar e traballar con eixes cronolóxicos, textos históricos, fontes documentais e fontes materiais.

## **TEMA 12. COLONIZACIÓNS E POBOS PRERROMANOS**

- Identificar a orixe dos pobos iberos e celtas.
- Caracterizar os pobos colonizadores: fenicios, gregos e cartaxineses.
- Recoñecer as tribos e os poboados ibéricos.
- Describir adecuadamente as características máis destacadas da sociedade ibérica.
- Comprender a orixinalidade da arte ibérica describindo santuarios, necrópoles, cerámicas, exvotos e esculturas.
- Explicar como era a vida cotiá dos pobos celtas e celtíberos.
- Interpretar reconstrucións de vivendas de época prerromana.
- Valorar a arte castrexa e identificar e apreciar diferentes mostras da arte e da cultura castrexas no territorio galego.

### **TEMA 13. ROMA, DA REPÚBLICA AO IMPERIO**

- Explicar a fundación da cidade de Roma.
- Describir a evolución e as características da Roma republicana (séculos I-V a.C.).
- Explicar as características do Imperio romano (séculos I-V d.C.) e os beneficios da *pax romana*.
- Localizar as principais construcións da cidade de Roma.
- Diferenciar as clases sociais da Roma urbana: ricos, pobres, escravos e libertos.
- Recoñecer a nova relixión xurdida durante o dominio romano: o cristianismo.
- Deducir por que se produciu a fin do Imperio romano.
- Traballar e analizar adecuadamente os eixes cronolóxicos, as fontes documentais e materiais.
- Participar nun debate sobre a escravitude en Roma.

### **TEMA 14. O LEGADO DA ANTIGÜIDADE**

- Recoñecer e asumir que a nosa cultura é herdeira da cultura clásica.
- Diferenciar e describir a relixión grega e a relixión romana establecendo equivalencias entre as respectivas divindades dunha e outra relixión.
- Describir as características da arquitectura clásica grega.
- Identificar os trazos principais da arquitectura funcional romana.
- Explicar o idealismo e o realismo na escultura relacionándoo coa arte grega e a arte romana.
- Detallar as características da pintura e o mosaico das culturas clásicas.
- Interpretar os símbolos e a arte dos primeiros cristiáns.
- Analizar obras arquitectónicas e escultóricas.
- Analizar fontes documentais e materiais.

### **TEMA 15. A HISPANIA ROMANA**

- Coñecer os principais acontecementos das guerras entre Roma e Cartago e describir as diferentes fases da conquista romana de Hispania.
- Explicar os cambios e as transformacións que experimentaron as cidades e a economía de Hispania como provincia do Imperio romano.
- Recoñecer a importancia da herdanza romana na nosa cultura e patrimonio.
- Identificar as principais cidades e vías de comunicación de Hispania.
- Coñecer as obras públicas e as manifestacións artísticas da época romana que se conservan no noso territorio.
- Establecer a fin do Imperio romano e a chegada dos pobos visigodos.
- Caracterizar a sociedade e a arte visigoda.

## MÍNIMOS 2º

### **TEMA 1. A FRAGMENTACIÓN DO MUNDO ANTIGO**

- Os principais reinos xermánicos europeos tras a fragmentación do Imperio romano de Occidente.
- A chegada dos visigodos a España e o reino suevo de Galicia
- Recoñecemento e localización do Imperio romano de Oriente.

### **TEMA 2. AL-ANDALUS**

- A expansión do Islam.
- A conquista musulmá da Península Ibérica.
- Etapas e formas de goberno na historia de Al-Andalus.
- A economía e a organización social de Al-Andalus.
- Trazos xerais da arte islámica e andalusí e identificar os monumentos

### **TEMA 3. A EUROPA FEUDAL**

- Identificación de Carlomagno como emperador.
- As funcións da monarquía feudal.
- A composición dos estamentos da sociedade medieval.
- Os trazos distintivos do estamento nobiliario, a súa dedicación á guerra e o armamento que utilizaba.
- O feudo e a vida dos campesiños durante a Idade Media.
- A importancia da Igrexa na Idade Media.

### **TEMA 4. A CULTURA E A ARTE DO ROMÁNICO**

- O carácter relixioso da arte románica.
- As características básicas da arte románica.
- A pintura, a escultura e a arquitectura románica.
- As mostras máis destacadas do Románico na Península Ibérica e en Galicia.

### **TEMA 5. AS CIDADES DA EUROPA MEDIEVAL**

- As razóns que estimularon o renacemento da vida urbana.
- Os principais espazos da cidade medieval.
- As actividades económicas que se realizaban na cidade medieval.
- Os grupos sociais que habitaban a cidade medieval.
- As causas da crise da Baixa Idade Media.

### **TEMA 6. A CULTURA E A ARTE DO GÓTICO**

- A orixe e a conxuntualización histórica do Gótico.
- As características básicas da arte gótica.
- A pintura, a escultura e a arquitectura góticas.
- As mostras máis destacadas do Gótico na Península Ibérica.

### **TEMA 7. OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS. O REINO DE GALICIA**

- A evolución das fronteiras entre o mundo cristián e musulmán na Península Ibérica entre os séculos VIII e XII.
- A creación e a evolución do primeiro reino independente aparecido dentro do dominio islámico: o reino de Asturias.
- Os condados e os reinos pirenaicos.
- O reino de León e o reino de Castela e León.
- As repoboacións entre os séculos XIII e XV.
- Formación e institucións da Coroa de Castela e a Coroa de Aragón.
- A diversidade de culturas na Península durante a Idade Media.
- A Idade Media en Galicia.

## **TEMA 8. O MEDIO FÍSICO DE ESPAÑA E GALICIA**

- Describir e localizar os relevos da península Ibérica e dos arquipélagos españois.
- Describir e localizar os relevos de Galicia.
- Situar e clasificar por vertentes os ríos da península Ibérica.
- Situar e clasificar os principais ríos de Galicia. Identificar a costa de Galicia: as rías.
- Recoñecer a diversidade climática de España e caracterizar e localizar os diversos tipos de climas que existen na península Ibérica.
- Construír e interpretar un climograma.
- Describir as diversas paisaxes naturais e humanizadas de España e Galicia.

## **TEMA 9. OS HABITANTES DO PLANETA**

- A distribución da poboación no planeta.
- As pirámides de poboación.
- Principais características dos diferentes modelos ou réximes demográficos.
- A distribución e as características da poboación en Europa.

## **TEMA 10. AS SOCIEDADES HUMANAS E OS FENÓMENOS MIGRATORIOS**

- Características dos principais modelos de organización das sociedades.
- A diversidade cultural e social nas sociedades europea e española.
- As migracións no mundo actual.
- Emigración e inmigración na España actual.

## **TEMA 11. A POBOACIÓN ESPAÑOLA**

- Distribución e estrutura da poboación española.
- O poboamento rural e o poboamento urbano en España.
- A pirámide de idade na demografía española.
- O problema do envellecemento da poboación en España.

## **TEMA 12. AS CIDADES E OS PROCESOS DE URBANIZACIÓN**

- O concepto de cidade.
- A morfoloxía e as funcións urbanas.
- A xerarquía mundial de cidades.
- O espazo urbano español e os problemas das grandes cidades.

## **TEMA 13. NATUREZA E SOCIEDADE: HARMONÍAS, CRISES E IMPACTOS**

- O goce desigual dos recursos do planeta.
- O desenvolvemento sostible e a conciencia ambiental.
- A reflexión sobre os modelos de consumo e as relacións entre natureza e sociedade.
- Os espazos naturais protexidos de España.

## MÍNIMOS 3º

### TEMA 1. O NACEMENTO DO MUNDO MODERNO

- Comprender os factores políticos e económicos que propiciaron a superación da Idade Media e o inicio da Idade Moderna.
- Recoñecer as características fundamentais do pensamento humanista.
- Valorar a importancia que tivo a imprenta na difusión do pensamento humanista.
- Entender os argumentos en que se baseaba a crítica de Martín Lutero contra a Igrexa católica.
- Distinguir as características das principais doutrinas reformistas: a luterana, a calvinista e a anglicana.
- Comprender as medidas que impulsou a Igrexa católica para frear a expansión do protestantismo.

### TEMA 2. O RENACEMENTO, UNHA NOVA CONCEPCIÓN DA ARTE

- Comprender as características principais do novo espírito do Renacemento a partir da análise de varias manifestacións artísticas daquel período.
- Identificar as características e os artistas principais da arquitectura, pintura e escultura da Italia do Renacemento.
- Distinguir as características específicas da pintura do Greco e da arquitectura e escultura españolas do Renacemento.
- Analizar unha pintura como obra artística.

### TEMA 3. A ÉPOCA DOS GRANDES DESCUBRIMENTOS XEOGRÁFICOS

- Entender en que consistiu a Unión dinástica entre os Reis Católicos.
- Comprender a orientación da política interior e exterior dos Reis Católicos.
- Enumerar as causas dos grandes descubrimentos xeográficos.
- Identificar os adiantos técnicos que permitiron as grandes expedicións.
- Recoñecer os personaxes protagonistas das grandes expedicións marítimas.
- Describir as rutas e as descubertas das viaxes de Colón.

### TEMA 4. O AUXE DO IMPERIO DOS AUSTRIAS

- Identificar a herdanza territorial que recae en Carlos I.
- Explicar a forma de gobernar e conservar o imperio de Filipe II.
- Entender os problemas e os conflitos que tiveron que afrontar Carlos I e Filipe II, especialmente as revoltas das Xermanías e dos Comuneiros.
- Recoñecer os territorios percorridos durante a primeira volta ao mundo.
- Valorar criticamente a forma de explotación do continente americano e as súas repercusións sobre a poboación indíxena.
- Identificar as causas que fixeron entrar o imperio hispánico en decadencia.
- Entender en que consiste unha creba financeira.
- Comprender os diversos factores que propiciaron unha crise demográfica e económica na Castela do século XVII.
- Describir as características da sociedade estamental do século XVII.

### TEMA 5. A EUROPA DO SÉCULO XVII

- Recoñecer as transformacións da economía europea do século XVII.
- Detectar os principios ideolóxicos e as institucións da monarquía absoluta.
- Entender os principios ideolóxicos do absolutismo a partir dunha recreación dun día cotián na corte de Luís XIV.
- Comprender en que consistía o parlamentarismo e os motivos polos cales este sistema se opuña ao absolutismo.
- Relacionar os conflitos relixiosos e políticos da Europa do século XVII.
- Analizar as consecuencias que comportou a Paz de Westfalia.
- Comentar e comparar dous textos históricos que defendían, respectivamente, o absolutismo e o parlamentarismo.

#### **TEMA 6. A DECADENCIA DO IMPERIO DOS AUSTRIAS**

- Recoñecer as institucións de goberno do territorio español durante a Idade Moderna e indicar que funcións tiña cada unha delas.
- Explicar a evolución da poboación e a economía española ao longo dos séculos XVI e XVII.
- Entender as causas do declive do imperio hispánico no século XVII.
- Identificar os reis e os validos da España do século XVII.
- Describir as causas das revoltas do ano 1640.
- Analizar gráficos sobre a evolución da poboación nos reinos hispánicos e europeos durante o século XVII.

#### **TEMA 7. A CIENCIA E A ARTE DO BARROCO**

- Identificar os novos métodos de investigación e os adiantos científicos como factores desencadeantes dunha nova ciencia ao século XVII.
- Detallar as características da arquitectura e a escultura do barroco europeo.
- Observar e identificar as características construtivas da arquitectura e escultura aos reinos hispánicos.
- Recoñecer as características compositivas xerais da pintura barroca europea e diferenciar as escolas italiana, francesa e flamenga.
- Sinalar as características compositivas da pintura holandesa e identificar os seus principais autores.
- Recoñecer as particularidades dos principais artistas do século de Ouro da pintura española.
- Diferenciar e comparar as características da arte renacentista e barroca.

#### **TEMA 8. A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES**

- Recoñecer as principais competencias e funcións do Estado.
- Definir o que é un Estado e comparar os elementos dos Estados democráticos e os non democráticos.
- Identificar as funcións que, segundo a división de poderes, exercen as diferentes institucións nos réximes democráticos.
- Valorar a importancia da Constitución dentro dos Estados democráticos.
- Caracterizar os municipios e as provincias, e a súa función administrativa no territorio español.
- Coñecer as organizacións supranacionais máis importantes.
- Coñecer a organización territorial de España.

#### **TEMA 9. A ORGANIZACIÓN ECONÓMICA DAS SOCIEDADES**

- Describir os trazos xerais da actividade económica identificando os factores de produción e os axentes económicos.
- Comprobar que saben definir algúns conceptos relacionados co mercado laboral.
- Explicar o que son os ciclos económicos e cal é o seu funcionamento.
- Procurar información en fontes de consulta alternativas ao libro de texto.
- Describir unha crise económica e relacionala cos ciclos económicos.
- Reflexionar sobre as repercusións sociais e económicas das crises económicas.
- Analizar información económica dun xornal.

#### **TEMA 10. A AGRICULTURA, A GANDARÍA, A PESCA**

- Identificar os condicionantes físicos da agricultura.
- Recoñecer os sistemas de cultivo que se practican no mundo.
- Coñecer a distribución xeográfica da agricultura de subsistencia e mais da agricultura de mercado.
- Coñecer os diferentes tipos de agricultura de subsistencia.
- Explicar o que son os obxectivos da agricultura de mercado e os medios cos cales conta por conseguilos.
- Recoñecer e saber localizar no mapa os diferentes tipos de gandaría que se practican no mundo.
- Coñecer os principais caladoiros de pesca do mundo.
- Explicar en que consiste a explotación forestal.



- Identificar as principais masas boscosas do mundo.
- Describir as paisaxes agrarias de España e Galicia.

#### **TEMA 11. A MINARÍA, A ENERXÍA E A CONSTRUCCIÓN. A INDUSTRIA**

- Identificar e clasificar os diferentes tipos de materias primas.
- Recoñecer diferentes tipos de explotacións e recursos mineiros.
- Describir as características das fontes de enerxía tradicionais.
- Coñecer as vantaxes e os inconvenientes das fontes de enerxía alternativas máis importantes.
- Comprender en que consistiu a burbulla inmobiliaria e as súas repercusións.
- Comprender en que consiste a actividade industrial e cales son os elementos do proceso industrial.
- Clasificar unha serie de industrias segundo o destino dos produtos fabricados.
- Identificar os factores que determinan a localización da industria.
- Caracterizar a actividade industrial en España e Galicia.

#### **TEMA 12. OS SERVIZOS: OS TRANSPORTES, O TURISMO E O COMERCIO**

- Describir os trazos xerais do sector terciario e recoñecer as principais actividades deste sector económico.
- Comprender a importancia da investigación, o desenvolvemento e a innovación para o desenvolvemento económico dun país.
- Coñecer as vantaxe e os inconvenientes dos diferentes medios de transporte terrestre, marítimo e aéreo.
- Interpretar gráficos e táboas de datos sobre os transportes e o turismo.
- Identificar e valorar aspectos negativos e positivos do turismo.
- Localizar xeograficamente os principais núcleos turísticos do mundo.
- Caracterizar os transportes e o turismo de España e Galicia..
- Explicar as características do comercio interior e do comercio exterior, así como as diferenzas entre a balanza comercial e a balanza de pagamentos.
- Coñecer os grandes bloques comerciais do mundo.
- Explicar os diferentes tipos de fluxos comerciais que se producen a escala planetaria.
- Analizar a débeda externa e as súas repercusións sobre os países pobres.
- Caracterizar o comercio interior e exterior en España e Galicia.

## MÍNIMOS 4º

### **TEMA 1. O SÉCULO XVIII: A CRISE DE ANTIGO RÉXIME**

- As causas da crise do Antigo Réxime.
- As revolucións en Inglaterra e EUA e os seus sistemas políticos parlamentarios.
- O pensamento da Ilustración e a súa oposición ao Antigo Réxime.
- Recoñecer os principais aspectos do Despotismo Ilustrado europeo.
- A influencia da Revolución Francesa e a Ilustración en España.
- Coñecer os feitos que desencadearon a Guerra de Sucesión ao trono español.
- Comprender o proceso de centralización do poder político da monarquía absoluta de Felipe V e analizar as consecuencias dos Decretos de Nova Planta.
- O Neoclasicismo e o Rococó como reflexo da sociedade.

### **TEMA 2. A ÉPOCA DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS (1789-1871)**

- As causas da Revolución Francesa e o seu desenvolvemento.
- O papel da muller durante a Revolución Francesa e a relevancia de Olimpia de Gouges.
- A figura de Napoleón: o Consulado e o Imperio.
- A herdanza da Revolución Francesa a nivel político, económico e cultural.
- Os enfrontamento entre o absolutismo, o liberalismo e o nacionalismo e as súas consecuencias.
- Entender os procesos de unificación política de Alemaña e Italia, e a independencia de Grecia e Bélxica.
- Recoñecer as características das correntes artísticas que naceron como consecuencia da nova sociedade burguesa.

### **TEMA 3. A ORIXE DA INDUSTRIALIZACIÓN**

- As causas e as consecuencias da Revolución Industrial.
- Identificar os avances técnicos da Revolución Industrial e os sectores industriais pioneiros, e recoñecer as causas da conflictividade laboral do movemento obreiro.
- Entender a revolución dos transportes e a súa influencia no desenvolvemento comercial.
- O desenvolvemento industrial e as súas repercusións.
- O triunfo do capitalismo industrial e as súas consecuencias.
- O cambio social: a nova división da sociedade e o nacemento de novos movementos sociais.

### **TEMA 4. A ESPAÑA DO SÉCULO XIX: A CONSTRUCCIÓN DO RÉXIME LIBERAL**

- A invasión napoleónica e a Guerra da Independencia. As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- A obra artística de Goya e a plasmación da crise do Antigo Réxime.
- Os reinados de Fernando VII e Isabel II e as súas características.
- O conflito entre absolutistas e liberais. As guerras carlistas e a Gloriosa Revolución.
- A Restauración borbónica.
- Comprender a situación política e económica de España a finais do século XIX e analizar as causas e as consecuencias a través da crise do 98.
- Expor a evolución de Galicia dentro da política española durante o século XIX.

### **TEMA 5. INDUSTRIALIZACIÓN E CAMBIO SOCIAL NA ESPAÑA DO SÉCULO XIX**

- O carácter de éxito ou fracaso da Revolución Industrial en España.
- As consecuencias da revolución industrial: o crecemento demográfico e económico.
- Os piares da industrialización española.
- Os cambios sociais derivados da industrialización e o crecemento do movemento obreiro.

- A arte do século XIX en España: Neoclasicismo, Romanticismo, Realismo e Modernismo.

#### **TEMA 6. A ÉPOCA DO IMPERIALISMO**

- Identificar as novas fontes de enerxía e os sectores industriais da Segunda Revolución Industrial.
- O auge do capitalismo industrial.
- As causas da expansión imperialista.
- A repartición dos imperios coloniais.
- As consecuencias do colonialismo.
- A revolución artística, científica e tecnolóxica do cambio de século: do XIX ao XX.

#### **TEMA 7. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL E A REVOLUCIÓN RUSA**

- As causas e o desenvolvemento da Primeira Guerra Mundial.
- A consideración da Primeira Guerra Mundial como unha 'guerra total'.
- As causas e o desenvolvemento da Revolución rusa.
- A situación de Europa tras a Primeira Guerra Mundial.
- O nacemento das vangardas artísticas.

#### **TEMA 8. O PERÍODO DE ENTREGUERRAS**

- A situación durante o período de entreguerras.
- A prosperidade e a crise dos Estados Unidos: o crac de 1929.
- O auge dos totalitarismos: Italia e Alemaña.
- A ditadura estalinista na Unión Soviética.
- A arte no período de entreguerras.

#### **TEMA 9. ESPAÑA NO PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX (1902-1939)**

- As causas da crise do sistema da Restauración.
- A ditadura de Primo de Rivera.
- A Segunda República española e as súas reformas.
- O contexto previo á Guerra Civil: o Bienio Conservador e a Fronte Popular.
- A Guerra Civil: causas, desenvolvemento e consecuencias.

#### **TEMA 10. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL**

- As causas da Segunda Guerra Mundial e o seu desenvolvemento.
- O concepto de 'guerra total': unha guerra a todos os niveis.
- O Holocausto xudeu.
- As consecuencias da Segunda Guerra Mundial.
- A fundación da ONU e o seu labor.

#### **TEMA 11. UN MUNDO DIVIDIDO: GUERRA FRÍA E DESCOLONIZACIÓN**

- A división do mundo en dous bloques antagónicos: EUA e a URSS.
- Os conflitos bélicos desenvolvidos durante a Guerra Fría.
- A coexistencia pacífica promovida por Kennedy e Jruschov.
- O proceso de descolonización e a necesidade do neocolonialismo.
- As causas do conflito de Oriente Próximo.

#### **TEMA 12. CAPITALISMO E COMUNISMO: DOUS SISTEMAS ENFRONTADOS**

- As diferenzas entre o bloque comunista e o bloque capitalista a nivel social, económico, político e artístico.
- As orixes da construción da Unión Europea.
- A prosperidade do mundo capitalista e a crise enerxética.
- O Estado do benestar, a súa función e os seus piares.
- A evolución do mundo soviético e a súa posterior crise.

#### **TEMA 13. ESPAÑA: A DITADURA FRANQUISTA (1939-1975)**

- As bases do réxime franquista.

- A situación de posguerra en España e o papel das mulleres.
- O desenvolvementismo do réxime, o seu impacto na sociedade española e a súa posterior crise.
- O destino dos opositores ao franquismo.
- O franquismo en Galicia.

#### **TEMA 14. O MUNDO ACTUAL**

- O fin da división do mundo en bloques e as súas consecuencias: a desintegración da URSS e o auxe dos EUA.
- A construción da Unión Europea e as súas políticas.
- A crise de 2008 como crise do modelo de benestar europeo.
- A inestabilidade do mundo actual, os conflitos do século XXI e as súas vítimas.
- A arte no mundo actual.
- A globalización: definición e consecuencias.
- A revolución tecnolóxica.

#### **TEMA 15. TRANSICIÓN E DEMOCRACIA EN ESPAÑA**

- A caída do franquismo tras a morte de Franco.
- A transición á democracia: a Constitución de 1978 e as mobilizacións populares pola democratización do réxime.
- Os distintos gobernos da democracia, desde 1982 até a actualidade.
- As transformacións económicas, demográficas e sociais a partir de 1985, e a súa posterior crise.
- Describir o desenvolvemento político, económico e demográfico de Galicia en democracia.
- Analizar as correntes artísticas do século XX en España e en Galicia.